

ACORDO do 12 de marzo do 2024 das comisións de valoración, nomeadas por Resolución do 29 de xaneiro do 2024, que deberán cualificar o proceso selectivo excepcional de estabilización, mediante o sistema de concurso, convocado pola Resolución do 29 de decembro do 2022 (DOG nº 248 do 30 de decembro do 2022) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación, derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo que se fai público o procedemento para a entrada e os criterios de superación da proba de coñecemento de lingua galega tipo test.

En sesión que tivo lugar o 7 de marzo de 2024, as comisións de valoración que cualificarán os concurso de méritos derivado do proceso selectivo excepcional de estabilización da Corporación RTVG, acordaron, de conformidade co disposto na base I.4.3 da convocatoria, que as probas tipo test correspondentes á acreditación do coñecemento da lingua galega terían lugar o día 22 de marzo de 2024 na sede da Corporación RTVG en San Marcos.

As persoas convocadas ás probas figuraban como anexos aos acordos.

PROCEDIMENTO PARA A ENTRADA

As persoas deberán estar na entrada principal do edificio da CRTVG, control de seguridade, á hora prevista no acordo de convocatoria da proba, e esperarán a ser acompañadas á aula asignada:

Nivel 1 (Redactor/a)	16:00 horas
Nivel 2 (Locutor/a de radio)	16:45 horas
Nivel 4 (Reporteiro/a gráfico/a; Técnico/a de control; Técnico/a electrónico)	16:45 horas
Nivel 5 (Axudante/a de realización)	16:45 horas
Nivel 6 (Auxiliar de programas; Operador/a de cámara)	16:45 horas
Nivel 7 (Auxiliar administrativo/a; Axudante/a de produción; Grafista titular/a; Operador/a Montador/a de vídeo)	16:45 horas
Nivel 8 (Especialista de montaxe)	16:00 horas
Nivel 9 (Axudante/a de mantemento)	16:00 horas

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou de outro documento fidedigno que a xuízo da comisión acredite a súa identidade. Ademais deberán ir provistas de bolígrafo de cor azul ou negra.

As persoas que non se atopen na entrada do edificio á hora prevista, decaerán no seu dereito á realización da proba e consecuentemente serán declarados como non presentado/a e excluídos do proceso.

Non se permitirá o acceso á aula na que se realice a proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización da mesma, nin se habilitará ningún de servizo de recollida dos devanditos dispositivos.

CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA

Segundo o establecido na base I.4.3 da convocatoria a proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de vinte (20) preguntas tipo test con catro (4) respostas alternativas das que só unha delas será a correcta, máis tres (3) preguntas de reserva. O exercicio terá unha duración de trinta (30) minutos. Valorarase como apto/a ou non apto/a e será necesario para superalo obter o resultado de apto/a.

DETERMINACIÓN DA CUALIFICACIÓN DE APTO NA PROBA TIPO TEST

De acordo co establecido na citada base da convocatoria corresponderá ás comisións determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto/a.

En cumprimento desa potestade de determinación do criterio da superación da proba, a comisión acordou que terán a cualificación de APTO/A as persoas aspirantes que acaden ase seguintes respostas correctas:

Nivel salarial 1	11 respostas correctas
Niveis salariais 2 a 9	10 respostas correctas

Para o anterior deberase ter en conta que as respostas incorrectas non descuentan e que as preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

Cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido da proba e as respostas correctas no páxina web da CRTVG, www.crtvg.gal .

O resultado da proba publicarase do mesmo xeito que a súa convocatoria. As persoas aspirantes que recibisen a cualificación de "non apto" quedarán definitivamente excluídas do proceso.

Santiago de Compostela

María Dolores Rivera Frade
Presidenta comisión de valoración-Niveis I-III
Asinado electronicamente

Luis Míguez Macho
Presidente comisión de valoración-Niveis IV-IX
Asinado electronicamente